



Novo Citroën C3 Aircross



Cruceiro da Coruña, 203 • Santiago
Vía Pasteur, 46 - 48 • Polígono do Tambre • Santiago
Tel. 981 93 73 49 • www.vayperautomocion.com

Mecánica en xeral: taller | chapa | pintura | electricidade | ITV | pneumáticos | aire acondicionado
cambio de aceite | vehículos de ocasión | reparación de vehículos de flota

Hemos venido
a jugar



Nuevo T-Cross
Llévatelo a casa
Con My Way

La Vida son experiencias, llénala de color



Yáñez

Coruña - Santiago - Ferrol
981 980 970
www.yanez.es

NOVAS

5



ENTREVISTA » 20
MARCOS LOSADA



NOVAS » 5
5, 7, 8 10, 12, 14, 28

+

- 6 UN BULLI MOI ESPECIAL
CHEGA O BYD SEAL U DM-I
DS 7 VAUBAN, LUXO BLINDADO
- 7 NOVO TIGUAN, GARANTÍA DE SEGURIDADE
CUPRA BORN VZ
- 8 MG3 HYBRID +
BMW CONCEPT SKYTOP
MÁIS POTENCIA PARA O TOYOTA YARIS CROSS HYBRID
- 10 O TOYOTA MIRAI RENOVASE
LEXUS NX OVERTRAIL
- 12 NOVA GAMA DO LEXUS RZ
RENAULT RAFALE E-TECH 4X4
NOVOS AUDI RS 4 E RS 5 SPORTBACK PERFORMANCE EDITION

PRESENTACIÓN » 16
CITROËN C3 AIRCROSS



SECCIONS

EDITORIAL	3
DUAS RODAS	4
PRESENTACIÓN	16
RETROVISOR	26
COMPETICIÓN	30



PROBA » 22
ZERO DS



RETROVISOR » 26
HISTORIA AEREA DE PORSCHE

VENTA ONLINE

HCV
Hijos de C. V. Otero, S. L.

Gómez Ulla 16, 15702
Santiago de Compostela (España)
Tfn.: +34 981 56 17 40
agencia@hcvotero.es
www.hcvotero.es

Contigo desde 1887



BARREDORA MANUAL KARCHER S 6 TWIN



ASPIRADOR EN SECO Y HUMEDO KARCHER WD 6 PS

K'ARCHER



HIDROLIMPIADORA ALTA PRESIÓN HD 5/15 C

Stellantis claudicou ante a industria chinesa

Oficialmente non se admite a claudicación da multinacional automobilística Stellantis fronte ao poderío chinés, pero a última proposta deste grupo así o reconece implicitamente. O gran grupo franco-italiano-americano da automoción quere fabricar, baixo licencia, e distribuír coches eléctricos chineses.

Por outra banda, os grandes grupos de distribución do noso país están como "tolos" intentando obter a representación da marcas chinesas para incluílas no seu catálogo. Algo que amosa a realidade actual, simplemente porque as empresas sempre van un paso por diante do mercado. A que quede atrasada mal futuro terá.

A aparición do coche eléctrico nas nosas vidas deulle aínda máis pulo á potencia industrial e á capacidade de adaptación ao mercado internacional dos fabricantes do gigante asiático.

Agora moitas son as voces que andan a dicir que xogan con outras regras, e que así calquera. Pois que vaian espelindo as grandes potencias da industria automobilística porque isto xa é imparabile. Datos hai de abondo só temos que ver todas as marcas que están chegando ao noso país. A firma chinesa Arcfox iniciou o pasado mes a súa actividade de exportación de vehículos eléctricos dende Ferrol coa previsión de mover entre 5.000 e 8.000 unidades ao ano a partir de 2025, segundo afirmaron responsables do grupo asiático BAIC, aliado coas compañías Atium e Magna para o seu desembarco en Europa. Tamén o grupo automobilístico chinés Chery e a empresa EV Motors pecharon un acordo para o desembarco do gigante asiático nas antigas instalacións de Nissan na Zona Franca de Barcelona; o que supón a primeira chegada dun fabricante de automóbiles chineses ao noso país. Chery comezará a ensamblar o modelo Omoda 5. Tamén a produción

de baterías para os vehículos eléctricos é unha oportunidade que ninguén quere perder, e España ten unha situación privilexiada no Vello Continente. Un dos proxectos que xa son realidade está liderado por Envision Group, unha destacada compañía chinesa no sector de enerxías renovables e tecnoloxía de baterías que recibiu luz verde definitiva en outubro pasado. Xa iniciaron as obras da factoría na comunidade de Extremadura, na localidade de Navalmodal de la Mata.

Máis preto de nós, en Galicia mesmo, temos a empresa de carrozarías de autobuses, Castrosúa, que está construíndo autobuses en colaboración coa chinesa BYD, que lle subministra chasis e baterías. Xa levan varios meses de probas por distintas cidades galegas.

Ata aquí só imos por terra. Pero no mar tamén comezou unha competición feroz. Os construtores chineses, como xa comentamos, lanzáronse a construír megabuques para exportar os seus vehículos. Xa teñen varios operativos que poden transportar ata 7.000 unidades. Os próximos que saian dos seus estaleiros poderán chegar a levar preto de 9.000 coches. O tempo medio de transporte entre China e a vella Europa é de vinte días. Estas cifras apoiadas por unha loxística cada vez máis precisa e practica fan que se poidan mover milleiros de coches como nunca antes se vira. Cunha frota dunha ducia destes megabarcos poden asolar o noso mercado de automóbiles eléctricos chineses en poucos meses. Ata case dá calafríos.

Como quedará a que ata o momento foi a grande industria automobilística clásica se non cambia de estratexia. E parece que non van cambiar despois de ver a última decisión do grupo Stellantis, se non podes co teu inimigo...



Editor:

Arrincamos, S.L.

Director:

Xurxo Sobrino Morán

Redactores

e Colaboradores:

Miguel Cumbraos, Sevi Martínez, Antón Pereira, Xabier Vilariño, Xose Arufe, Luis Penido, Luís Rivero de Aguilar, Uxía Queiruga, Nacho Carballeira, Daniel G. Palau

Deseño e maquetación:

Juan Feáns

www.juanfeans.com

SPRINT MOTOR:

SPRINT MOTOR

Avda. da Liberdade, nº16, 4ªA
15706 - Santiago de Compostela
Tfno.: 669 277 050
redaccion@sprintmotor.com
www.sprintmotor.com

IMPRIME:

Tórculo Comunicación Gráfica

Depósito Legal: C-138/97

Especialistas en coches de ocasión



COMPOSCAR
Nos importa tu tiempo!



Rúa María de los Ángeles de la Gandara, nº24 Pol. de Boisaca - 15890 Santiago - Tel.: 881 956 626

O Tour máis aberto dos últimos anos

■ MIGUEL DEL MORTIROLO | Texto e Foto

Quen será o gañador do Tour este ano? Esa é a pregunta que moitos se fan. Xa que despois da caída sufrida por Jonas Vingegaard, o principal favorito, durante a disputa da Itzulia o día 4 de abril, todo parece indicar que non volverá a correr ata o Tour, que comeza o 29 de xuño. Así que o seu estado de forma é unha incógnita.

Outro favorito é Tadej Pogačar, chegará o Tour despois de gañar o Giro de Italia, cal é o problema para Pogačar? Que pode chegar a última semana do Tour fatigado e perder todas as opcións de vitoria nas últimas etapas. Se logra o triunfo



entrará no club selecto de gañadores de Giro e Tour no mesmo ano, tan só o fixeron sete ciclistas, o último foi Marco Pantani en 1998.

Outro favorito Remco Evenepoel, caeuse na mesma caída que Vingegaard e tamén estivo varias semanas sen competir, pero volveu a competir a principios do

mes de xuño no Critérium du Dauphiné; a ver como se atopa no Tour, porque será o seu debut nesta proba.

Outro aspirante, Primož Roglič, tamén se caeu na fatídica caída da Itzulia, pero como Evenepoel, volveu a correr a principios do mes de xuño no Critérium du Dauphiné, onde fixo unha

moi boa actuación, indicando que chega en bo estado de forma o Tour. Para Roglič, que para outubro fará trinta e cinco anos, intentará que este sexa o seu ano, xa que os principais adversarios non chegan nas mellores condicións, e como sabemos a idade non perdoa.

Outros aspirantes a facerse co triunfo son os irmáns Yates, Richard Carapaz ou Matteo Jorgenson.

Na parte española cabe destacar a Enric Mas, Carlos Rodríguez, Pello Bilbao, Mikel Landa e Juan Ayuso, quizais non para gañar o Tour, pero si para deixarse ver e ser protagonistas.

Polini E-P3+

Polini E-P3+ é o motor universal nado para todas as aplicacións e-bike. Pensando no futuro da mobilidade sostible, Polini desenvolveu a aplicación para cadros trekking e todoterreo, coa posibilidade de ter unha transmisión por correa que, para uso urbano,

é un excelente compromiso que garante fiabilidade e mínimo mantemento.

O motor E-P3+, combinado coa batería Polini de 500 Wh, ten unha autonomía de ata 180/220 km no nivel 1.



QJ MTX 125

O MTX 125 é un scooter que se converte no máis potente do mercado, na súa cilindrada, grazas ao seu

motor de 15cv e é o máis equipado da súa categoría. Ten un competitivo prezo de 2.999 €.



Tributo a Ayrton Senna

Ducati rende homenaxe a Ayrton Senna cunha Monster de coleccionista. Un tributo a un campión que fixo historia e deixou unha pegada indeleble nos corazóns de todos os afeccionados. Unha versión especial da naked máis

emblemática, da que Senna foi un dos seus propietarios.

Unha serie limitada de 341 unidades: 3, como os Campionatos do Mundo que gañou Senna na F-1; 41, como as vitorias en GP que Ayrton celebrou no máis alto do podio.



As mellores customizacións da CL500

Este ano, e xa van cinco, volve a celebrarse o "hondacustoms", cunha participación récord de 16 motos de 9 países europeos diferentes. Todas estas customizacións, sobre o modelo Honda CL500.

loitarán polo primeiro premio de "hondacustoms".

Este evento mostrará diferentes versións da CL500 con diferentes ideas e imaxinación. Os gañadores anunciaranse a finais do verán.



Renault presentou vehículos autónomos para o novo transporte público

→ Renault despois de anos experimentando para incorporarse á mobilidade autónoma, durante o torneo de Roland-Garros 2024, presentou a oferta de vehículos autónomos de nivel 4. A nova gama de vehículos nace dunha asociación do fabricante francés con WeRide, compañía líder en tecnoloxías autónomas, que xa opera máis de setecentos vehículos autónomos globalmente. Renault e WeRide colaboran desta maneira para despregar vehículos autónomos L4, sen operador a bordo e con supervisión remota. Entre as

novidades destacaron os Mini Buses autónomos, pensados para as zonas de baixas emisións en Europa, aspirando a ser unha das solucións chave para a nova mobilidade sostible. Destacou o proxecto Mach 2 en Châteauroux, en Francia, que proxecta empregar Mini Buses eléctricos automatizados a partir do ano 2026.



Novo Q6 e-tron "Performance"

→ Audi lanzou unha nova variante do seu modelo Audi Q6 e-tron, que destaca pola súa eficiencia e autonomía. O vehículo marca o inicio dunha nova xeración de propulsión eléctrica na compañía dos catro aros. Esta versión conta cun sistema de propulsión traseiro e un motor eléctrico que produce 240 kW de potencia, permitindo unha aceleración de 0 a 100 km/h en 6,6 segundos. A autonomía do vehículo é de ata 639 quilómetros, segundo o ciclo WLTP, grazas á súa batería de 100 kWh. Ademais, pode recargar ata 260 quilómetros de autonomía en tan só dez

minutos nunha estación de carga rápida.

O Audi Q6 e-tron Performance xa está dispoñible para o seu

pedido cun prezo inicial de 76.420 euros. As entregas comezarán no terceiro trimestre deste ano. Esta variante

súmase ás versións Quattro e SQ6 e-tron, que saíran ao mercado a finais do verán.



Suzuki investe en Glydways e nas novas mobilidades urbanas

→ Suzuki anunciou unha innovadora aposta investindo en Glydways, unha empresa californiana fundada en 2016, experta en desenvolver sistemas de transporte persoal baixo demanda. Máis aló da aposta económica, as dúas compañías anunciaron tamén que entraron en conversas para asociarse no desenvolvemento e fabricación de vehículos.

Desta maneira Suzuki entra con todo na revolución da mobilidade urbana, a través dos futuros sistemas de tráfico

autónomo. Toshihiro Suzuki, presidente de Suzuki, dixo: "Estamos moi interesados na misión de Glydways de resolver os problemas de tráfico global utilizando os seus vehículos compactos nunha infraestrutura sinxela e especializada. A súa solución ten moito en común coa nosa filosofía: *'Máis pequenos, con menos cousas, máis lixeiros, máis curto e fermoso'*. Gustaríanos apoiar a Glydways para lograr a súa visión, ofrecendo o noso coñecemento, experiencia e tecnoloxía para fabricar coches pequenos".



Un Bulli moi especial

→ Os expertos do departamento de Vehículos Clásicos de Volkswagen volveron descubrir unha xoia histórica esquecida. Despois do espectacular Half-Track Fox, un Bulli convertido para uso todoterreo con catro eixes e orugas de cadea na parte traseira, o departamento presentou agora o seu último descubrimento: o autobús ferroviario Bulli de 1955 (tamén coñecido como Klv-20). De feito, é un autobús Volkswagen que

circula sobre carrís: unha mestura de tren e autobús. Presentouse aos afeccionados no evento inaugural Bulli & Coffee, que se celebrou en Hannover o pasado día dous para conmemorar o Día Internacional do Bus de Volkswagen. Así as cousas, o autobús ferroviario Volkswagen Bulli de 1955 únese á colección do departamento Oldtimer de Vehículos Comerciais Volkswagen, unha das exposicións de vehículos máis singulares do planeta.



DS 7 Vauban, luxo blindado

→ O vehículo da compañía francesa de gama alta, irrompe no mercado como un SUV híbrido enchufable blindado, que combina a elegancia e o confort dos DS coa máxima seguridade para os seus ocupantes. Baseado no DS 7 E-Tense 4x4 300, este modelo de edición limitada ofrece protección VPAM de nivel 4 contra armas pequenas, grazas á súa blindaxe discreta e lixeira que engade só 164 kg ao peso total do vehículo. A primeira vista, o Vauban DS 7 non se distingue dun DS 7 convencional, xa que a súa armadura foi deseñada para ser imperceptible, mantendo a estética do SUV francés. Porén, debaixo deste aspecto discreto atópase un vehículo

deseñado para protexer aos seus ocupantes en situacións de risco.

Conta ademais cunha aceleración de 0 a 100 km/h en 6,1 segundos e un eficiente sistema híbrido enchufable, podendo dispor de ata 52 quilómetros de autonomía eléctrica. O interior foi coitado ao detalle, ofrecendo un espazo cómodo e refinado para os seus ocupantes. Ademais do equipamento de serie, ofrece unha ampla gama de opcións de personalización, que permite escoller entre diferentes cores de carrozaría, adornos interiores, bordados e outras opcións.

O Vauban estará dispoñible a partir de xuño deste ano cun prezo a partir de 165.000 euros.



Chega o BYD Seal U DM-i

→ O primeiro híbrido enchufable de BYD en Europa, é un SUV do segmento D, con características craves como a practicidade e o respecto ao medio natural, combinando as vantaxes da conducción eléctrica cunha elevada autonomía. Grazas á tecnoloxía Dual Mode (DM-i), que prioriza o uso da enerxía eléctrica, ofrece unha autonomía 100% eléctrica de entre 70 e 125 quilómetros e ata máis de 1.100 combinando ambos propulsores. No noso país comercializarase en tres acabados: Boost, Design e Comfort.

O Boost conta con tracción dianteira, motor eléctrico, motor de gasolina 1.5 e batería Blade de 18,3 kWh. O Design ten tracción nas catro rodas, dous motores eléctricos e motor de gasolina 1.5 turboalimentado. O Comfort comparte mecánica co Boost pero cunha batería de 26,6 kWh. As entregas das versións Boost e Design comezarán en agosto, mentres que as do Comfort a finais de ano. As primeiras 200 unidades dos tres acabados contan cunha oferta especial de lanzamento.

BYD	Prezo	Prezo con promoción lanzamento	Prezo con promoción e Plan Moves III con achatarramento
SEAL U DM-i Boost	38.500 €	34.990 €	29.990 €
SEAL U DM-i Comfort	40.500 €		32.290 €
SEAL U DM-i Design	45.500 €	41.990 €	32.290 €





Cupra Born VZ

➔ O Cupra Born é o primeiro modelo 100% eléctrico da marca, unha boa combinación entre electrificación e prestacións. A última incorporación á gama é o Born VZ. Esta versión parte da avanzada tecnoloxía do Born e sube o listón.

O Born VZ, é máis potente ca versión anterior, ao ofrecer o seu sistema de impulsión totalmente eléctrico 240 kW (326cv), isto é un 40% máis que a versión e-Boost; e un par de 545 Nm (o 75% máis). Acelera de 0 a 100 km/h en 5,6" e alcanza unha velocidade de 200 km/h. O chasis do Born VZ incorpora melloras

na suspensión, dirección e freos para optimizar a súa dinámica. A suspensión adaptativa DCC Sport inclúe novos amortecedores, resortes e barras estabilizadoras, proporcionando máis control e suavidade. A dirección e os freos foron mellorados para ofrecer unha resposta máis deportiva e un tacto máis firme. A autonomía alcanza os 599 km grazas a unha batería mellorada de 79 kWh. Pode cargarse en casa cun sistema de CA de 11 kW ou nun punto de carga rápida de CC de ata 185 kW, permitindo pasar dun 10 ao 80% de carga en menos de media hora. Estará dispoñible no terceiro trimestre deste ano.

Novo Tiguan, garantía de seguridade

➔ Por medio de distintas probas, cubrindo as categorías de protección de ocupantes adultos, protección de ocupantes infantís, usuarios vulnerables de vía e sistemas de asistencia, o novo Tiguan foi galardoado con 5 estrelas na avaliación de seguridade Euro NCAP.

O vehículo destacou pola súa excelencia na protección dos ocupantes e na prevención de accidentes.

Concretamente, os certificadores apuntan unha puntuación especialmente boa na protección na zona traseira, con *airbags* laterais traseiros de serie e un novo sistema de aviso de saída, que evita accidentes detectando usuarios vulnerables na vía. Esta cualificación confirma que o Tiguan, con máis de 7,6 millóns de unidades vendidas, é un dos vehículos máis seguros para as familias.



Das Welt Auto.



No busques. Encuentra tu coche de ocasión.



SEAT LEON
1.5 TSI 150cv DSG FR
AÑO 04/2019 - 79.034 Km

17.490 €



SEAT ATECA
1.5 TSI 150CV DSG Xperience
AÑO 6/2023 - 13.611Km

25.790 €



CUPRA FORMENTOR
1.5 TSI 150CV DSG
AÑO 04/2023 - 14.311Km

25.490 €



SEAT ARONA
1.0 TSI 110cv Style
AÑO 01/2023 - 9.601Km

16.990 €



CUPRA LEON
1.5 eTSI 150CV DSG
AÑO 5/2024 - 916 Km

29.990 €



CUPRA FORMENTOR
1.5 TSI 150 cv DSG
AÑO 07/2023 - 7.148 Km

27.900 €



Compostela Motor
C/ Milladoiro, s/n · Compostela
T. 981 531 243

Marineda Motor
Av. Alcalde Alfonso Molina, 2 · A Coruña
Tel. 981 173 111

Das WeltAuto.es
La web de vehículos de ocasión garantizados

•Bonificación sobre PVP, IVA incluido, para clientes particulares y autónomos que financien a través de Volkswagen Bank GmbH S.E. (según condiciones contractuales) aplicable a todos los vehículos SEAT o CUPRA con hasta 2 años de antigüedad disponibles en Compostela Motor o Marineda Motor, consulte condiciones particulares de cada vehículo. Oferta válida hasta el 30/06/2024. Incompatible con otras ofertas financieras. Consulta condiciones en tu concesionario SEAT Compostela Motor y SEAT Marineda Motor.

MG3 Hybrid +

→ O MG3 presentouse como aspirante a ser o campión dos SUV. Dispón dun deseño, equipamento e tecnoloxía de electrificación, que ofrece altas prestacións e confort, achegando a tecnoloxía híbrida a un prezo accesible. A tecnoloxía HEV do MG3 Hybrid + inclúe unha batería de ións de litio NCM de 1,83 kWh e 350 volts, un motor eléctrico de 100 kW (136cv), un xerador independente e unha transmisión automática de tres velocidades. Esta combinación permite unha potencia total de 143 kW (195cv), aceleración de 0 a 100 km/h en oito segundos e un consumo de 4,4 l/100

km. Pode alcanzar ata 100 km/h e percorrer ata once quilómetros en modo eléctrico. Este modelo destaca pola súa resposta inmediata e o baixo nivel de ruído.

Este híbrido autorrecargable está dispoñible en tres niveis de acabado: Standard (dende 19.900 euros), Comfort (dende 21.400 euros) e Luxury (dende 22.900 euros). Conta cunha oferta de lanzamento de 2.000 euros e dous anos de mantemento gratuito.



BMW Concept Skytop

→ Fusionando potencia e precisión coa artesanía xermana, BMW presentou o seu novo *concept car* o pasado mes de maio, no *Concorso d'Eleganza Villa d'Este*, o concurso anual de beleza para coches e motocicletas históricos que se celebra ás beiras do Lago Como. O vehículo é un bipraza aberto, que destaca polo seu deseño exótico, evocando modelos históricos como o BMW Z8 ou o 503. No exterior presenta unha estética dinámica con superficies tensas e liñas precisas, mentres que os tiradores das portas foron substituídos por aletas discretas. O seu prominente capó e o deseño de nariz de tiburón con grella iluminada son tamén características icónicas do modelo. Coa mesma intensidade, o

interior do Concept Skytop caracterízase por cálidas cores monocromáticas e materiais exclusivos, con detalles de coiro de estilo *brogue* e aplicacións de cristal, creando unha sensación de luxo e amplitude. O ton marrón avermellado do teito flúe harmoniosamente cara á pintura exterior prateada con efecto de sombra cromada. O *concept car* inclúe as innovacións tecnolóxicas do momento, como por exemplo uns faros LED de perfil delgado, integrados en soportes de aluminio fresado. Equipado co motor V8 máis potente da marca bávara, o Concept Skytop combina elegancia e rendemento, consolidándose como unha homenaxe á tradición de deseño e á artesanía de BMW.

Máis potencia para o Toyota Yaris Cross Hybrid

→ A compañía xaponesa lanzou a última actualización dun dos seus vehículos máis comercializados. A compañía identifica ao novo modelo como a futura referencia híbrida do segmento B-SUV. O novo Yaris Cross Hybrid 130 ofrece un rendemento mellorado grazas a un sistema híbrido actualizado que incrementa a potencia nun doce por cento. Isto reduce o tempo de aceleración de 0 a 100 km/h a 10,7 segundos e mellora a aceleración de 80 a 120 km/h a 8,9 segundos. Tamén presenta melloras no illamento acústico e sistemas de seguridade avanzada como Control de Aceleración Involuntaria e Asistencia de

Condución Proactiva. A gama de 2024 inclúe catro acabados: Active Plus, Style, GR Sport e Premiere Edition (a versión *premium*). O vehículo ofrece unha experiencia de usuario

totalmente dixital, co paquete multimedia Toyota Smart Connect, un cadro de mandos personalizable de 12,3 polgadas e unha aplicación de chave dixital para o *smartphone*.

A gama Yaris Cross Hybrid 130 está dispoñible dende 27.450 € en concesionarios oficiais de Toyota España. Contan coa previsión de vender 15.000 unidades este ano.



TALLERES SPRINT



ANTONIO BALIÑAS, S.L.

ventas@balinas.com
T: 98188 16 69

A Barquiña s/n
15830 Negreira

www.balinas.es



Bosch Car Service

Talleres Bastón

- Reparación de Cambios automáticos
- Adaptación de vehículos para discapacitados
- Mecánica de mantenimiento
- Electricidad
- Encendido
- Carrocería
- Frenos, ABS, ESP
- Mecánica motot

Salvadas, 23
15705 SANTIAGO
(A Coruña)
Tel.: 981 58 56 27
t. baston@bosch-bcs.com
baston@adgruporegreira.es



*Cuidamos de tu vehículo,
cuidamos de ti ...*



**Tu taller de servicio rápido
y mecánica en Compostela**

981 549 531

Rúa de San Cristovo, 47 (O Eixo) Santiago de Compostela



talleres pontevea

- Servicio rápido
- Mecánica
- Diagnose
- Pneumáticos
- Chapa e pintura
- Accesorios



Gran variedad de turismos e comerciais de OCASIÓN. Visítanos!!

Lugar Igrexa de Reis, 2 - 15883 Reis - Teo (A Coruña) • 981 809 053 / 650 196 956 • tallerespontevea@gmail.com • www.tallerespontevea.com



O Toyota Mirai renóvase



O paquete de melloras da berlina eléctrica de Toyota, reforza o status da segunda xeración do Mirai, converténdose no modelo de referencia da marca. A gama 2024 exemplifica a estratexia multitecnolóxica de Toyota para reducir, e finalmente eliminar, as emisións de carbono. Todo o deseño do vehículo apóiase nun sistema eléctrico de pila de combustible de hidróxeno (FCEV) que ofrece un funcionamento suave, potente e moi silencioso. Incorpora tamén unha serie

de innovacións tecnolóxicas, con funcións novas e ampliadas en materia de seguridade, funcionalidade e conectividade e entretemento a bordo. Por exemplo, conta cunha nova xeración do Toyota Safety Sense, monitorización de puntos cegos, monitor de visión panorámica e maior comodidade coa función de aparcamento remoto.

O novo Mirai Vision xa está dispoñible dende 74.200 euros; 81.200 na súa versión de luxo.



Lexus NX Overtrail



O novo de Lexus é un SUV premium de tamaño medio, deseñado para ofrecer unha experiencia gratificante tanto na cidade como en camiños menos transitados. Destaca polo seu estilo exterior distintivo, con

acabados en negro nos retrovisores, tiradores nas portas, raís do teito e a grella de dobre punta de frecha. A suspensión é quince milímetros máis alta respecto á anterior versión do Overtrail, o que permite unha altura total de 1.675

milímetros e unha distancia ao chan de 200, mellorando a súa capacidade para afrontar camiños difíciles. Equipase con lamias de aliaxe de dezaoito polgadas en negro mate e pneumáticos todo camiño. Está dispoñible en dúas cores:

verde oliva e o exclusivo Moon Desert, con interiores en negro e Khaki.

Estará dispoñible exclusivamente cun motor híbrido de 2,5 litros que produce 244 cabalos con tracción integral (AWD) e un prezo de 71.100 euros.



BREVES

» **Uns tres millóns de** vehículos no noso país non teñen a ITV ao día, segundo unha análise feita pola empresa especializada en revisións precompra de coches de segundo man Informes Mecánicos.

» **Segundo o último** informe de ANFAC, correspondente ao primeiro trimestre de 2024, os puntos de recarga aumentaron un 10% con 3.121 novos durante o 1º trimestre do ano. En total

existen 32.422 puntos públicos en España.

» **Cupra comezou a** venda do Tavascan, un SUV 100% eléctrico, que conta cunha autonomía de 568 km. Cupra iniciou as vendas coas versións de First Edition, dispoñibles nos acabados Endurance de 286cv e VZ de 340cv.

» **Honda avanza na** súa estratexia de diversificación enerxética da súa gama co inicio da produción na súa planta de Ohio (USA) do CR-V

e:FCEV, o seu coche eléctrico con pila de combustible. Sairá á venda en 2025.

» **VW dará un pulo á** mobilidade totalmente eléctrica en 2027. O grupo venderá coches eléctricos asequibles de Europa, para Europa. VW leva anos traballando para ofrecer eléctricos compactos e económicos cun prezo duns 20.000 €.

» **A gran maioría** (84%) dos usuarios de vehículos eléctricos (BEV/PHEV)

cargan o seu vehículo en casa ou nun garaxe particular, con escaso uso de puntos públicos (26%) ou das infraestruturas nos centros de traballo (11%).

» **Volvo está a chamar** a revisión a 2.000 unidades do seu SUV compacto totalmente eléctrico EX30 en España por posibles fallos no software, segundo confirmou a marca. A nivel global, os coches afectados son preto de 72.000.

TODOS LOS SERVICIOS PARA EL TALLER

 GRUPO REGUEIRA

www.regueira.com



 disnet

 formación

 service

 averías

 campus

 TV

 digital

 mercurio

 taller

 360

Síguenos



Nova gama do Lexus RZ

→ Lexus ampliou a gama do seu SUV eléctrico, cunha nova versión de tracción dianteira, o RZ 300e. Destaca pola súa tracción impulsada por un único motor eléctrico no eixo dianteiro, eliminando o motor e o inversor traseiro presentes nas versións de tracción total. Esta configuración reduce o peso do vehículo, permitindo unha maior autonomía. Con rodas de dezaoito polgadas, alcanza os 480 quilómetros de autonomía, mentres que con rodas de vinte polgadas, chega aos 419 quilómetros. O motor eléctrico do RZ 300e desenvolve unha potencia máxima de 204 cabalos (150 kW)

e un par de 266 Nm, permitindo unha aceleración de 0 a 100 km/h en oito segundos. Ademais, incorpora o sistema de seguridade Lexus Safety System+ 3.0, con funcións como o sistema de seguridade de Precolisión, Control de cruceiro adaptativo e Asistencia de Saída Segura. Dispoñible en tres niveis de equipamento (e-Business, e-Executive e e-Luxury), inclúe características como asentos calefactados, sistema multimedia Lexus Link Pro de 12,3 polgadas, climatizador Bizona con tecnoloxía Nano™ X e teito panorámico atenuable no acabado Luxury.

MODELO	PREZO
RZ 300e e-BUSINESS	57.900€
RZ 300e e-EXECUTIVE	62.900€
RZ 300e e-LUXURY	68.900€
RZ 450e e-EXECUTIVE	70.900€
RZ 450e e-LUXURY	77.900€
RZ 450e e-Luxury Bitón	80.900€
Pintura Metalizada	Incluída



Renault Rafale E-Tech 4x4

→ Desenvolvido en colaboración con Alpine, o novo Rafale destaca por ser un vehículo de prestacións fortes, grazas ao seu motor E-Tech híbrido enchufable e a un motor eléctrico incorporado no eixo traseiro. Con este equipamento a batería de 22 kWh

proporciona unha autonomía de ata cen quilómetros no modo eléctrico. O motor de tres cilindros e 1,2 litros, xunto cos tres motores eléctricos, ofrece unha potencia combinada de

300 cabalos, con unhas boas prestacións dinámicas. A recarga completa da batería de 22 kWh dura aproximadamente 2 horas e 55 minutos. Este modelo incorpora unha tecnoloxía avanzada e un deseño

exclusivo que o sitúa na vangarda da innovación na oferta de Renault. Dispoñible en dúas versións, Spirit Alpine e Atelier Alpine, o Rafale E-Tech 4x4 300cv estará dispoñible no outono deste ano.



Novos Audi RS 4 e RS 5 Sportback Performance Edition

→ A compañía alemá sacou á luz dous modelos exclusivos, de tan só 250 unidades cada un, para conmemorar o 25 aniversario do RS4 Sport. Como buques insignia das familias A4 e A5 Sportback, destacan pola súa impresionante dinámica de condución e os exclusivos detalles de deseño interior e exterior. Esta edición conmemorativa incorpora o diferencial deportivo

quattro, que aumenta a axilidade e o protagonismo do eixo traseiro, sobre todo no modo de condución "dinámico". O software actualizado da unidade de control de transmisión mellora os tempos de cambio e a distribución entre os diferentes perfís de condución. As modificacións no motor, suspensión e rodas proporcionan un rendemento impresionante. Ámbolos modelos, equipados cun

motor V6 biturbo de 346 kW (470cv) obteñen un aumento de potencia de 15 kW (20cv) sobre o RS4 e o RS5.



Axenda Sprint

TerreMoto



Novo Concesionario
Segway

RB Recambios Balsa



www.recambiosbalsa.com



Recambios, accesorios, pintura y herramientas



¡TENEMOS EL BOCADILLO QUE TE GUSTA!



**Bocadillos
Sandwich
Hamburguesas
y Pollos Asados**

Rosalía de Castro, 23 | Esquina Montero Ríos | © 981 590 538

Gran variedad en Desayunos
y Platos Combinados

Cafetería

Le Abbranza

Montero Ríos, 39
Santiago de Compostela
© 981 593 636

Oscar Tires

BRIDGESTONE

Nuevo Potenza Sport

Controla tu viaje, despierta tus sentidos.
El Bridgestone Potenza Sport es un neumático de altas prestaciones que te permite aprovechar todo el potencial de tu vehículo y mantener un control total durante tu viaje.



Oscar Tires Avda. Rosalía de Castro, 28 MILLADOIRO 15895 Amés. Tel. 981 53 05 79



Nova Volkswagen California 2024



Co período estival comezan a aparecer un gran número de propostas de vehículos específicos para os máis corremundos. Unha das máis icónicas furgonetas deste sector viaxeiro é a Volkswagen California, que agora a marca xermana acaba de actualizar con interesantes novidades. A mítica furgoneta camper de Volkswagen (lanzada en 1968) é agora a máis espazosa, versátil e sostible da historia. Mantendo os detalles crave das súas predecesoras, como o teito elevable e un

interior coidado, a edición do 2024 deseñouse tanto para o uso diario como para viaxes extraordinarias. A California conta con sistemas de propulsión, asistencia e infoentretemento de última xeración, así como unha nova arquitectura de autocaravana, equipada de serie con dúas portas corredizas, que proporcionan unha maior versatilidade. Outra novidade é o sistema híbrido enchufable con tracción ás catro rodas, que permite que a furgoneta se transforme temporalmente nun vehículo eléctrico. No noso país os pedidos



abriranse no mes de xullo, pódese escoller entre cinco versións, todas con teito elevable e amplo equipamento

estándar: Beach, Beach Tour, Beach Camper, Coast and Ocean. As primeiras unidades entregaranse en outono.

O BMW M4 GT3 EVO competirá no 2025



BMW M Motorsport presentou, antes das 24 Horas de Nürburgring, a versión EVO do M4 GT3 (ata 590cv). O vehículo de carreiras loce importantes melloras con respecto ao seu predecesor, na procura da vitoria nas carreiras de GT do curso que vén. O novo modelo céntrase na facilidade de condución, a eficiencia e a fiabilidade, aspectos fundamentais para a competitividade dos vehículos e as posibilidades dos condutores de competición. Como principais novidades destaca o revestimento por inmersión catódica (máis lixeiro que a pintura tradicional), unha aerodinámica optimizada (novos espellos, tomas de aire e spoiler traseiro) e a mellora na suspensión e freos, que achegan maior control e menor desgaste.

O seu novo deseño e esquema de cores 3D "Inception" fano aínda máis espectacular que as anteriores versións. O

M4 GT3 EVO supón un paso adiante na procura do rendemento e a fiabilidade nas carreiras de GT, cun deseño

innovador e o foco nas necesidades dos pilotos. Ten un prezo de 578.000 euros.



LAS 12 CAUSAS

 **asier**



Por TU Seguridad y el Medio Ambiente

JULIO - Embragues



otero caritón
Jaime y Ramón Otero Caritón, S.L.

Una conducción eficiente genera ahorro y beneficia al medio ambiente

Por TU Seguridad

Más del 90% de las averías prematuras del sistema de embrague se deben a malos hábitos por parte del conductor

Por el Medio Ambiente

El diseño de los nuevos sistemas de embrague se centra especialmente en reducir la emisiones de CO₂ de los vehículos

ENEOS

OFFICIAL PARTNER:



otero caritón

Citroën C3 Aircross

Amplo e acoledor





- ANTÓN PEREIRA | TEXTO
- SPRINT MOTOR | FOTOS

A marca Citroën, agora integrada no grupo Stellantis, acaba de renovar un dos seus modelos máis vendidos o C3. Un modelo que xa comeza a darlle alegrías. Con 2.823 unidades matriculadas, máis do quintuplo que hai uns anos, o C3 foi o líder absoluto do mercado nacional de turismos en maio. Este modelo da marca francesa pechou de maneira inmejorable o mes de maio, e logrou o primeiro posto na clasificación de turismos máis vendidos en España. Con 2.883 matriculacións, un 505,8 por cento máis que o mesmo mes do ano pasado, o compacto urbano do dobre Chevron obtén unha cota do 6,6 por



cento no segmento B e recolle os froitos da súa reputación de automóbil fiable, eficiente e áxil nun mercado tan esixente como o dos profesionais e as empresas de alugueiro, que impulsaron fortemente as súas vendas no último mes.

“Este Citroën abraza a súa tipoloxía SUV cun capó alto e horizontal, aletas e vías alargadas

Coa estratexia de darlle un forte impulso ao seu modelo máis popular, Citroën lanza ao mercado

unha versión máis elaborada do seu C3, o Aircross. O novo C3 Aircross experimenta un cambio radical e entra nun novo ámbito coa ambición de reforzar a súa posición nun territorio moi competitivo.

Exterior

O seu deseño exterior revela un SUV máis duro pero con estilo. As súas novas liñas fano máis musculoso e robusto.

Con 4,39 metros de lonxitude, o C3 Aircross medra para ofrecer máis espazo a bordo e ata sete prazas, unha primicia no segmento, sen deixar de ser compacto e práctico.

O Novo C3 Aircross incorpora os elementos da nova

linguaxe de estilo da marca francesa, do que o concept Oli foi o manifesto e o C3 a primeira realización. O seu deseño integra así a nova firma de identidade deste fabricante e unha linguaxe formal asertiva. O seu frontal, moi verticalizado, exhibe con orgullo o novo logotipo Citroën e adopta a firma luminosa característica en tres segmentos. Moi moderno, o seu estilo tamén pon de relevo a calidade e a atención ao detalle ao incorporar o motivo *chevron* en certos elementos. Ademais destes grafismos, Citroën xoga coa percepción da súa silueta e a personalización rompendo a lectura vertical do modelo a través dunha oferta de teito bicolor e animando o C3 Aircross con acentos de cor

puntuais, os *clips* de cor, presentes a nivel do parachoques e na custodia traseira, que o cliente pode cambiar ao seu gusto.

Un SUV que reforza o seu carácter. O novo C3 Aircross experimenta un cambio radical de actitude, pasando dun modelo que salientaba a redondez e a amabilidade a outro que, sen ser agresivo, desprende un estilo máis anguloso e musculoso. Potente e suxerindo robustez, o C3 Aircross abraza a súa tipoloxía SUV cun capó alto e horizontal, aletas e vías alargadas, ombreiros sólidos que se benefician dunha protección que coroa unhas grandes rodas de 690 milímetros de diámetro. Cada liña de estilo achega enerxía a un modelo que



As proporcións da súa silueta deixan entrever unha distancia entre eixes moi longa, a maior da súa categoría

agora desprende unha novida-
vosa imaxe. A súa silueta
é moi equilibrada e expresa
enerxía.

Sete prazas

Este SUV compacto ofrece ata sete prazas, algo que será moi interesante para moitos usuarios que precisan delas. O novo C3 Aircross cambia de dimensións para alcanzar unha lonxitude de 4,39 metros, o que proporciona un maior espazo interior. As proporcións da súa silueta deixan entrever unha distancia entre eixes moi longa, a maior da súa categoría. Isto permite un maior espazo para as pernas dos pasaxeiros traseiros. Outro elemento posibilitado polo tamaño deste SUV e revelado polo seu estilo: o deseño da custodia traseira propor-

“O C3 Aircross ten unha lonxitude de 4,39 metros

ciona unha zaga dinámica e vertical, o que asegura unha boa habitabilidade para os ocupantes da terceira fila. Trátase dunha innovación importante no segmento, que ofrece a posibilidade de aloxar comodamente ata sete persoas a bordo con dous asentos pregables no maleteiro. Este modelo galo está cheo de solucións para facilitar a vida familiar ofrecendo unha gran flexibilidade de uso. Con todo, o C3 Aircross segue sendo moi compacto para ofrecer as manobras e aparcarse comodamente.

Oferta multienerxía

Ademais da oferta ICE, o C3 Aircross propoñerá unha motorización híbrida particularmente adaptada a esta silueta, así como unha oferta totalmente eléctrica.

Este novo SUV B comparte a plataforma Smart Car co utilitario C3, presentado por Citroën e deseñado dende



O Head-Up Display reflicte a información do vehículo nunha superficie negra brillante situada na parte inferior do parabrisas

o principio para acoller de forma óptima unha oferta eléctrica. Así, o C3 Aircross inscíbese perfectamente nos retos da transición enerxética ofrecendo por primeira vez, xunto a unha oferta térmica tradicional, unha opción híbrida que facilita o acceso á electrificación, cuxa polivalencia se adapta perfectamente a este tipo de silueta. E para ir máis lonxe, tamén estará dispoñible unha cadea cinemática totalmente eléctrica asequible producida en Europa.

Tecnoloxía

Concepto C-Zen Lounge: a parte dianteira do habitáculo deseñouse de forma sinxela para proporcionar unha sensación de serenidade. Isto conséguese en primeiro lugar mediante un cadro de mandos moi minimalista tratado horizontalmente para realzar a impresión de anchura. Lixeiro e aireado, libera espazo para o condutor e o pasaxeiro. O cadro de mandos está dividido en dous niveis distintos, con elementos técnicos na parte superior e unha cómoda sección envolta en tea, denominada "Deseño Sofá" porque se inspira na suavidade e o tacto dos sofás, na parte inferior.

A ausencia dun cadro de instrumentos tradicional

é unha auténtica novidade para o nivel superior do cadro de mandos. O novo C3 Aircross utiliza, por primeira vez, un novo Head-Up Display Citroën, que reflicte a información do vehículo nunha superficie negra brillante situada entre a parte superior do cadro de mandos e a parte inferior do parabrisas. Esta solución intelixente garante que non haxa duplicación de información, como ocorre tradicionalmente entre un Head-Up Display e un cadro de instrumentos, o que lle permite ao condutor acceder facilmente a toda a información clave necesaria sen apartar a vista da estrada. Esta innovación combínase cun novo volante multifunción compacto, máis pequeno e fácil de manexar.

Tecnoloxías para a tranquilidade: ademais de equipamentos esenciais como o climatizador automático, a axuda ao aparcamento e a cámara de visión traseira, a carga sen cables ou a función de *mirroring* compatible con Apple CarPlayTM ou Android AutoTM, o Aircross incorpora unha serie de tecnoloxías de asistencia á condución para coidar do corpo e a mente de todos os ocupantes.

- **Active Safety Brake**, un sistema de freada de urxencia que funciona de 5 a 135 km/h, de día ou de noite, e

que axuda a limitar as lesións dos ocupantes do vehículo, así como de peóns e ciclistas.

- **O Aviso Activo de Cambio Involuntario de Carril** axúdalle ao condutor a colocar o coche correctamente entre as marcas do carril corrixindo suavemente a dirección cando o vehículo se aparta da súa traxectoria, ou alertando o condutor se se produce un desvío a baixa velocidade.

- **O Recoñecemento de Sinais de Velocidade** le os sinais de límite de velocidade e móstraa no Head Up Display do Aircross, proporcionándolle esa información ao condutor.

- **O Freo de Estacionamento Eléctrico** aplícase automaticamente cando se para o motor e se libera automaticamente ao pisar o acelerador.

- **O asistente de arrinque** en pendente retén o vehículo durante varios segundos en pendentes superiores ao tres por cento para axudarlle ao condutor a evitar calquera movemento involuntario.

- **Faros intelixentes smartbeam-hba** (high beam assist) que utilizan a cámara montada no parabrisas para cambiar automaticamente das luces curtas ás longas cando se detectan vehículos que circulan en sentido contrario, o que permite cruzar con seguridade.

Marcos Losada, xerente de BikeOne

O 'boom' das bicis eléctricas vaise notar en moitas cidades



Marcos, dende BikeOne, proponse ás familias un Plan Renove específico moi interesante

■ XURXO SOBRINO | TEXTO
 ■ SPRINT MOTOR | FOTOS

BikeOne é unha tenda compostelá especializada en todo tipo de bicicletas fundada en 2018. O seu xerente, Marcos Losada, explícanos a actualidade do mundo das bicis e tamén como pode ser o seu futuro.

Para iniciarse dende rapaz no ciclismo e continuar ao longo da xuventude nel, Marcos, dende BikeOne, proponse ás familias un Plan Renove específico moi interesante. Para os máis maiores fala das bondades e das posibilidades das bicis eléctricas como vehículos de mobilidade urbana e máis aló.

SPRINT MOTOR: No mercado da bicicleta hai un antes e un despois da pandemia, non si?

Marcos Losada: Correcto. Ao longo da desescalada, despois da pandemia, a demanda de bicicletas medrou desorbitadamente. A xente quería saír de casa e estar ao aire libre. Unha bonita maneira de desfrutar disto era cunha bici. Uns incorporándose a este mundo e outros, que xa estaban no ciclismo, subindo un chanzo. Ademais tamén coa fin da pandemia comeza a era

da popularización da bicicleta eléctrica. É máis, o 'boom' das bicis eléctricas vaise notar, e moito, en todas as cidades.

“As talles das bicis dos nenos normalmente serven durante tres anos

SM: Podemos falar dun momento doce da bici naquel momento?

M.L.: Por suposto. Foi un momento moi doce para este universo das dúas rodas, incluso faltaban existencias de bicis e pezas debido á alta demanda. Tamén, como era de agardar, houbo un efecto rebote. Posteriormente esa demanda chegou a un límite por saturación do mercado. Tamén o momento económico actual fai que moitas persoas prescindan dunha bicicleta. Nestes intreos as vendas están un pouco estancadas.

SM: Ocorre o mesmo coas bicis de competición?

M.L.: Este é un segmento diferente. Funciona doutra maneira. A quen lle gusta o

ciclismo nun chanzo máis deportivo e especializado continúa mercándoo. Tamén o nicho das eléctricas está respondendo moi ben, aquí ten moito que ver as axudas do plan da Xunta de Galicia.

SM: Segundo estes datos, cal é a túa previsión de vendas para este ano?

M.L.: Para este ano supoño que a bicicleta pulmonar vai seguir con vendas algo frouxas (tamén o ano que vén), a eléctrica vai ter uns bos datos e as máis profesionais terán continuidade coas mesmas cifras dos dous últimos anos.

SM: Imos ao ámbito familiar. Un dos inconvenientes que teñen moitas familias é o pouco tempo que lle duran as bicis aos seus cativos polo cambio de tallo. Vós tedes unha solución para este tema, explícanos en que consiste?

M.L.: Consiste en que un cliente, que está adherido ao noso plan, se achega ás nosas instalacións cunha bicicleta que lle queda pequena ao seu fillo, entréganola e sae con outra do seu tallo actual. E así sucesivamente segundo o rapaz vaia medrando. Nós

comprendemos claramente este pequeno inconveniente familiar. Por iso desenvolvemos este programa, que ademais consideramos que é moi económico para a solución que supón que o cativo dispoña dunha bici en consonancia coa súa estatura e o seu tamaño. Un neno que ten unha bicicleta que non se corresponde co seu tamaño non vai estar cómodo con ela, como consecuencia probablemente a utilizará e desfrutará menos. Hai que dicir que as talles das bicis dos nenos normalmente serven durante tres anos, máis aló adoitan quedar pequenas.

SM: Vinculado á compra da bicicleta temos que contar cunha serie de accesorios imprescindibles ou interesantes. Cales son os que deberíamos ter en conta cando mercamos unha?

M.L.: En principio teremos que pensar nos amigos do alleo, que aproveitarán un desquite ou unha boa ocasión para deixarnos sen a nosa querida bici. Isto pode supoñer unha creba importante para o noso peto, máis aínda se falamos de bicis profesionais, semiprofesionais ou eléctricas. Un bo

antirroubo sempre é recomendable. Hainos nunha gran variedade e coa posibilidade de mercalo con chave ou con clave dunha combinación de varios números.

“Un kit anticipadas sempre nos pode sacar dun apuro

En canto á seguridade o casco diría que é imprescindible, incluso nos casos onde non é obrigatorio. As luces, cando o vehículo non as ten integradas, é outro dos elementos que recomendamos e instalamos moito. Tamén aconsellamos levar un kit anticipadas, que sempre nos pode sacar dun apuro. En canto á vestimenta, na actualidade hai moitísima roupa específica para as persoas que practican o ciclismo, aquí poñemos o acento nas prendas para chuvia que están moi ben deseñadas e impermeabilizadas.

SM: Os ciclistas que gustan máis da bici urbana de paseo, solicitan algún tipo de elemento para poder transportar pequenos vultos ou

material escolar, como libros ou carpetas?

M.L.: Si, si. Este tipo de usuario quere ademais de facer exercicio coa súa bici, e ter o que agora se chama mobilidade urbana, levar no seu vehículo algún tipo de transportín. Temos unha gran variedade de elementos como, entre outros, alforxas, mochilas ou bolsas específicas para adaptarse á bici.

SM: Vós tedes un departamento de bicicletas de segunda man que teñen unha gran demanda. Cales son as vantaxes de adquirir unha destas?

M.L.: Nós no departamento de ocasión traballamos con bicicletas seminovas. Os compoñentes de máis desgaste como os rodamentos e outras partes do vehículo son revisados minuciosamente antes de poñelos á venda. Somos unha tenda de referencia de bicicletas de segunda man en Galicia, e acompañando a esa adquisición damos unha garantía.

SM: Hai un debate en distintos foros sobre as eléctricas que é onde levar o motor, no eixe traseiro ou no dos pedais. Que é preferible?

M.L.: Para un uso urbano tanto ten. O que si é certo é que

as eléctricas de gama alta levan o motor central, desta forma é máis doado de interaccionar entre o pedaleo e a asistencia do motor. Tamén esta posición do propulsor mellora o equilibrado de pesos.

SM: Nas eléctricas urbanas actuais, ademais dunha gran diversidade de deseños, atopámonos cunhas pregables de roda pequena, outras de roda media e as de roda grande. Que lle recomendarías a alguén que estea pensando nunha destas eléctricas para unha mobilidade urbana, como poden ser os desprazamentos ao traballo, á universidade ou simplemente facer un recado e non ter problemas de aparcamento?

M.L.: O primeiro que ten que ter claro o cliente é o uso que lle vai dar. A partir de aí comecemos a peneirar entre multitude de opcións. Por exemplo, temos que pensar se o requisito de que sexa pregable é imprescindible. Se a queremos transportar en coche ou en tren poder encartala dános a posibilidade de portala coma se foxe unha maleta. A bicicleta con roda grande cobra vantaxe á hora de querer avanzar máis con cada pedalada, temos

que ter en conta que á hora de gardala na casa deberemos dispoñer dun espazo máis grande que coa pregable. Tamén podemos contar cun pneumático un pouco máis ancho que nos dá un plus de seguridade.

“Cada vez son máis os usuarios que lles gusta ter a bici en bo estado, tanto de limpeza coma de axuste e engraxe

SM: En que consiste a subvención para bicicletas eléctricas da Xunta de Galicia?

M.L.: Esta é unha magnífica proposta, e é a terceira, que consiste nunha axuda económica directa para mercar unha bici eléctrica. Tamén lles dá un beneficio maior ás familias numerosas. Só é necesario estar empadroadado en Galicia e estar ao día coas obrigas coas Seguridade Social e Facenda. Da xestión da axuda encargámonos nós en BikeOne, é un cuestionario rápido e sinxelo. Este ano a Xunta de Galicia dotou esta partida con 700.000 euros. Isto esta invitando a moitas persoas a sumarse á mobilidade eléctrica, unha boa forma de desconxestionar as urbes.

SM: As vendas están nun momento de titubeo, máis o negocio do taller como se atopa?

M.L.: As vendas de bicis, como xa comentei, baixaron a finais do ano pasado, pero temos que recoñecer que o taller está funcionando moi ben dende hai bastantes meses. Isto é consecuencia do gran parque de bicicletas que hai e dun interese cada vez maior por parte dos usuarios de telo seu vehículo en óptimas condicións. Cada vez son máis os usuarios que lles gusta ter a súa bici en perfecto estado, tanto de limpeza coma de axuste e engraxe.





Zero DS

Silenciosa, eléctrica e xenial

■ XOSE ARUFE | TEXTO
 ■ UXÍA QUEIRUGA | FOTOGRAFÍA
 WWW.MOTOSPRUEBAS.COM
 motos@motospruebas.com

Unha pequena trail chamada Zero DS, que se desliza polas rúas e camiños coa elegancia e a graza dunha criatura salvaxe. O seu corazón latexa coa forza dun motor eléctrico de 28 cabalos capaz de levar a lugares afastados e próximos coa mesma facilidade. O máis emocionante de todo é a maxia que hai no seu interior.

Zero procede de Santa Cruz (California) a menos dunha hora en coche da fábrica de coches de Tesla. Do mesmo xeito que o revolucionario fabricante de automóviles, Zero tamén ten unha visión da conducción totalmente eléctrica. A empresa existe dende hai dezaseis anos. Deu o salto a Europa en 2010.

O modelo que probamos ten 28cv e unha batería cunha capacidade de 13 kWh que se sitúa baixo o asento. Segundo o fabricante, a autonomía é de ata 267 quilómetros, na miña proba foi duns 150 cun estilo de conducción deportivo.

Autonomía e batería

A Zero DS cambia a nosa forma de ver o motociclismo: Os motores eléctricos e as motos teñen unha boa maridaxe. A dinámica de conducción e o respecto ao medio natural son un culto de calquera motorista auténtico. La DS é a moto perfecta para ir ao traballo. A única crítica importante é o seu elevado prezo.



PROBA



ZERO

GALENDURO

5 YEARS

ELECTRICA



Pero o máis sorprendente desta criatura non é a súa forza, senón a súa capacidade para adaptarse a calquera terreo. Co seu motor Z-Force 14.4, a Zero DS pode percorrer ata 267 km na cidade e 196 km nun uso combinado, levando consigo a promesa de aventuras sen fin. E se iso non fose suficiente, coa súa versión "Power Tank" podía estender a súa autonomía ata o 328 km en cidade e 246 km na estrada, unha heroína en busca de novos horizontes.

Co seu deseño compacto e a súa transmisión sen embrague nin caixa de cambios, esta valente trail pode sortear os obstáculos máis difíciles con facilidade. A súa batería é de longa duración e a súa carga sinxela en calquera enchufe doméstico. A Zero DS convértese na compañeira perfecta para aque-

“Os motores eléctricos e as motos combinan unha boa maridaxe

les que buscan liberdade e aventura en cada recuncho do mundo.

Coa súa pantalla TFT-LCD e a súa conexión co smartphone a través dunha app especial de Zero, a Zero DS con xiro da súa roda e cada rumoreo do seu motor eléctrico permitía aos seus donos explorar novos horizontes e descubrir novos camiños, coma se fosen os heroes dunha historia épica. A Zero DS completa facilmente excursións lixeiras en estradas sen asfaltar.

A moto vén cunha garantía do fabricante de 3 anos, pero ten unha garantía independente de 5 anos para a batería.

Máis vale tarde ca nunca! Xa existe unha nova versión da Zero DS nos concesionarios, pero esta proba quedouse no rocho dixital. Creo que o modelo ben merece que o saquemos a luz.



Arrincamos!

Arrinco e, nun primeiro momento, escoito un son como o dunha Thermomix amasando en modo lento, para pasar rapidamente a un enérxico zumbido do motor de imáns permanentes ao acelerar a fondo. Non vos enganades a (case) silenciosa DS chama tanto a atención que ata os motoristas das Harley mostran interese.

Na estrada, pon un sorriso na cara do piloto máis gruñón da electromobilidade, alcánzanse os 100 km/h nuns catro segundos. As manobras de adelantamento entre 60 e 100 km/h son aínda máis divertidas, xa que a DS mobiliza entón ata 60cv durante un breve espazo de tempo. A plena potencia está inmediatamente

dispoñible, grazas á propulsión eléctrica. Quen pisa o freo está asistido por un sistema ABS de Bosch. Xa sexa freando, cambiando de carga rapidamente ou mesmo se o pasaxeiro do asento traseiro non deixa de moverse, esta heroína eléctrica demostra unha estabilidade direccional fascinante, entre outras cousas grazas ao seu baixo centro de gravidade. En ningún momento mostrou titubeos.

Co conmutador de modos situado no puño dereito do guiador, o piloto da DS pode cambiar entre os modos Eco, Sport e Custom. O modo Eco é dócil, perfecto para estradas molladas e cruceiros relaxados. Tamén é suficiente para as frecuentes paradas e arrinques nos semáforos. No modo

Sport desátase o inferno. A sensación é estimulante e incrivelmente aditiva. O

“Esta heroína eléctrica demostra unha estabilidade direccional fascinante

modo personalizado permíteme realizar os meus propios axustes a través de Bluetooth e a aplicación adecuada para smartphones iPhone ou Android, limitar a velocidade máxima (por que?) ou seleccionar unha recuperación máis forte. Porque no modo Sport, a DS apenas xera par de arrastre para recargar as baterías ao ir por inercia.



Se a conduces principalmente por cidade, deberías aumentar a recuperación e marcarche o obxectivo de apenas usar os freos para cargar a batería tan a miúdo como sexa posible.

Se se esgota a batería, non é necesario conectar

a Zero a unha estación de carga para coches eléctricos. Por regra xeral, os condutores da DS cargan a súa moto de 0 a 100% nunhas 9 horas utilizando electricidade doméstica. O cable de carga IEC atópase na guanteira, que se atopa onde as

motos v e n - c o n - cionais teñen o depósito de combustible. Aínda que non é rápido, é suficiente para cargala durante a noite ou na oficina. non hai ningún mecanismo que impida a manipulación. En lugar da guanteira,

a Zero DS tamén pode levar unha batería adicional a bordo. A autonomía adicional de ao redor do 20% abre entón o camiño a percorridos algo máis longos.

A Zero DS ten un prezo de 15.995 euros, máis 250 de gastos de matriculación.



MANTEMENTO

- 1ª revisión: 1.000 km
- 2ª revisión: 5.000 km ou un ano
- Seguintes: cada 5.000 km ou un ano
- Prezo aproximado de cada revisión: 120 €
- Cambio de pneumáticos cada: 12.000 km

Prezo aproximado: 370 € (É posible que os períodos de mantemento que recomendo nesta sección non coincidan cos recomendados polo fabricante, considero que son os ideais para manter a túa moto en condicións idóneas)

SEGURO

Terceiros con asistencia na estrada e seguro de condutor 175 € / anual (maiores de 25 anos). Tamén temos a posibilidade de engadir roubo, incendio ou perda total (Todo Risco).



Ficha Técnica

MOTOR E TRANSMISIÓN

- TIPO: eléctrica
- REFRIGERACIÓN: aire forzado
- POTENCIA: 15cv (11,03 kW/KW) a 5.800 rpm
- PAR MÁXIMO: 109 Nm
- TRANSMISIÓN SECUNDARIA: correa
- EMBRAGUE: sen embrague
- CAMBIO DE MARCHAS: sen cambio (directo)

CHASIS E SUSPENSIÓN

- TIPO DE CHASIS: dobre viga de aluminio
- SUSPENSIÓN DIANTEIRA: pinza investida Showa
- PERCORRIDO: 178 mm
- REGULACIÓNS: precarga, compresión e rebote
- SUSPENSIÓN TRASEIRA: basculante dobre brazo de aluminio
- TIPO DE SUSPENSIÓN TRASEIRA: un amortecedor
- PERCORRIDO: 179 mm
- REGULACIÓNS: precarga, compresión e rebote

FREOS E RODAS

- FREO DIANTEIRO: pinza flotante J.Juan
- SISTEMA: un disco lobulado (320 mm)
- PINZA: 2 pistóns

• FREO TRASEIRO:

- pinza flotante J.Juan
- SISTEMA: disco lobulado (240 mm)
- PINZA: un pistón
- RODA DIANTEIRA: 19"
- RODA TRASEIRA: 17"
- DIMENSIÓNS E PESO
- DISTANCIA ENTRE EIXOS: 1.427 mm
- ALTURA DE ASENTO: 843 mm
- AVANCE: 117 mm
- ÁNGULO DE DIRECCIÓN: 26,5°
- PESO EN ORDE DE MARCHA: 187 kg

CONSUMO E PRESTACIÓNS

- VELOCIDADE: 139 km/h

EQUIPAMENTO

- Confort
- Guanteira
- Arrinque eléctrico
- Toma de corrente
- Regulación de maneta de freo
- Pata de cabra
- Instrumentación
- TFT
- Reloxo
- Ordenador de a bordo
- Nivel de gasolina
- Electrónica
- ABS
- Baterías
- Tipo de baterías: ións litio
- Capacidade: 14,4 kWh
- Garantía: 5 anos
- Tempo de carga: 9,8 horas
- Cargador: 1.3 kW/KW integrado
- Batería portátil: non



A historia aérea de Porsche comezou en 1908

Os motores de Porsche: das estradas aos ceos

■ DANIEL G. PALAU | TEXTO ■ SPRINT MOTOR | FOTO



Porsche AG, nacida no 1931, leva case un século alcanzando novas cotas cos seus potentes motores. Non só en sentido metafórico, os enxeñeiros da marca tamén deixaron a súa pegada na aviación. Dende os primeiros propulsores para dirixibles ata os potentes motores de avión, Porsche deixou unha pegada duradeira no mundo da aviación.

A historia é fascinante e amosa a habilidade e a paixón dos enxeñeiros da marca, inspirados polo seu fundador, Ferdinand Porsche. A procura constante de innovación e rendemento arredor do motor, como corazón da propulsión, continúan a ser un

selo da compañía ata hoxe e unha parte importante do legado da marca. Como toda a industria automobilística xermana da época, cunha abrupta caída aos infernos.

Os pioneiros do motor

A historia aérea de Porsche comezou en 1908, moitos anos antes da fundación da compañía, hoxe mundialmente coñecida como Porsche AG. O que sería o seu fundador, Ferdinand Porsche, era daquelas director técnico da división austríaca de Daimler Motoren Gesellschaft, en Wiener Neustadt. El fíxose cargo do proxecto técnico dun motor de catro cilindros para o

dirixible militar do comandante prusiano August von Parseval. Para o éxito da operación empregou un deseño de válvulas laterais con culata en T e un dobre acendido, contando tamén con certas medidas de seguridade para poder usar o motor nun dirixible.

O 26 de novembro de 1909, cando o aparato despegou na súa viaxe inaugural e as súas hélices xiraban impulsadas por estes catro cilindros, Ferdinand Porsche sobrevoando os ceos de Wiener Neustadt puido convencerse de primeira man da utilidade do seu deseño.

Un ano máis tarde, Ferdinand Porsche triunfou como piloto de carreiras.

Co coche chamado Prinz Heinrich, gañou unha proba cunha distancia algo inferior a dous mil quilómetros. Un motor de catro cilindros con

“En 1908 Ferdinand Porsche fíxose cargo do proxecto dun motor de 4 cilindros para un dirixible militar

árbore de levas na culata, 5.7 litros de cilindrada e oitenta cabalos de potencia, por suposto deseñado polo propio piloto, propulsaba o vehículo ata unha sensacional velocidade de 160 km/h.

Tralo éxito, Ferdinand Porsche perfeccionou o motor para aplicalo ao monoplano Taube (Pomba), concibido polo pioneiro da aviación austríaca Igo Etrich. Cunha cilindrada reducida a 3.1 litros, xeraba inicialmente uns 40cv a 1.450 rpm. Os sucesivos prototipos deste avión foron exitosos e, en 1910, empregouno o exército austríaco, cun motor que Porsche levou ata os 65 cabalos. Nos anos seguintes, Austro-Daimler, baixo a dirección de Porsche, produciu numerosos motores



Celebración dun voo de probas dun avión con motor Porsche

aeronáuticos de catro, seis e doce cilindros, con ata 400cv. Empregáronse en avións como o Etrich-Renntaube, concebido para as carreiras, en hidroavións e no Lohner-Pfeilflieger (a frecha voadora de Ludwig Lohner).

O pai do Volkswagen Polo

O Audi 50 non só se destacou polas súas innovacións, senón que tamén sentou as bases para o desenvolvemento do Volkswagen Polo, que se lanzou pouco despois aproveitando as sinerxías dentro do Grupo Volkswagen. Esta colaboración estratéxica resultou ser un éxito comercial dende hai medio século.

Aínda que o Audi 50 estivo no mercado por un curto período, deixou un legado perdurable ao establecer o segmento dos automóviles pequenos dentro do Grupo Volkswagen, co Polo como o seu sucesor máis destacado, continuando o seu legado ao longo de varias xeracións.

O nacemento e a caída aos infernos

En 1935, catro anos despois de fundar o seu propio estudo de enxeñaría en Stuttgart, Ferdinand Porsche dirixiu de novo as súas enerxías cara á aviación. O motor aeronáutico Tipo 55 alcanzaba uns impresionantes mil cabalos. Seguíronlle os

tipos 70 e 72, con 16 e 32 cilindros. Foi o primeiro motor aeronáutico da compañía.

Posteriormente, en 1937, recibiu un encargo que demostra a estreita relación entre a enxeñaría automobilística e a aeronáutica: deseñar o Mercedes-Benz T 80, un coche de carreiras destinado a bater o récord mundial de velocidade en terra. Estaría impulsado polo motor de bombardeiro Daimler-Benz

“A fiabilidade e refrixeración por aire fixo que o motor plano do 911 fose ideal para un avión

DB-603. Con algo menos de 45 litros de cilindrada, desatou a colosal potencia de 3.500 cabalos. En última instancia, o obxectivo do vehículo era superar a barreira dos 600 km/h entre Dessau e Halle. En 1939, o monstro colocouse por primeira vez no banco de probas, sen embargo, o estoupido da guerra frustrou o intento de bater o récord.

Sen temor a equivocarnos, a biografía de Ferdinand Porsche afúndese, como a de tantos outros da súa xeración, coa morte de Adolf Hitler e a derrota total de Alemaña na Segunda Guerra Mundial. Tentando fuxir, acabou sendo apresado en



Ferdinand dirixiu o proxecto técnico dun motor de catro cilindros para un dirixible militar prusiano

Francia pola súa colaboración co III Reich, deteriorándose a súa saúde ata a súa morte no ano 1951, aos 75 anos. Para algúns foi só un "tecnócrata que non foi un criminal de guerra", mentres que para outros, participou directamente das alucinacións de Hitler, así como de actividades concretas ligadas aos experimentos nos macabros campos de concentración nazis.

A volta ao mundo


Un dos vehículos máis icónicos de todos os tempos é sen dúbida o Porsche 911, do que a primeira versión viu a luz no ano 1961. Xa sen a sombra da pesada biografía de Ferdinand Porsche, será o motor do Porsche Turbo o que desatará unha das maiores aventuras da historia da aeronáutica. A fiabilidade e refrixeración por aire fixo que o motor plano do 911 fose ideal para un avión, ao xerar unha gran potencia cun consumo de combustible relativamente baixo. Foi así como a principios dos anos 80, as mentes creativas do Centro

de Desenvolvemento de Weissach puxéronse a traballar e transformaron o motor 911 nun motor aeronáutico con dobre ignición, un segundo alternador, engrenaxes rectos para as árbores de levas e outras modificacións.

Anos despois, o 16 de xaneiro de 1986, despois de 300 despegues e aterraxes e 600 horas de voo, Michael Schultz e Hans Kampik completaron a volta ao mundo iniciada en 1985, aterrando no pequeno aeródromo de Donaueschingen. A lista de desafíos que tiveron que afrontar no seu avión Mooney é lendaria: tormentas xeadas sobre Alaska, clima tropical en Nova Guinea, narcotraficantes agresivos en Ecuador, militares moi nerviosos no espazo aéreo sobre Angola... O motor aeronáutico Porsche PFM 3200 de 3.2 litros consumiu 23.000 litros de combustible e 30 litros de aceite, desafiou o calor e o frío e percorreu 100.000 quilómetros no aire sen protestar.

A viaxe polo mundo de Michael Schultz e Hans Kampik é un fito da historia do motor que conecta ás estradas cos ceos. Hoxe o motor PFM segue a ser un obxecto de culto entre os condutores deportivos, porque o seu rendemento e fiabilidade marcaron a historia do Porsche dos ceos. A pesar das perdas económicas da aventura, houbo unha ganancia en termos técnicos: "Tivemos que refacer completamente o motor 911 para o proceso de homologación de tipo de aviación", dixo Peter W. Schultz. "E fixemos moitas melloras en todos os ámbitos que tamén beneficiaron ao coche".





Levamos anos
desempeñando
o noso papel de
informar cada mes

Actuarase en 130 treitos ao longo de máis de 500 km de estradas autonómicas

A Seguridade Viaria nas nosas estradas verase incrementada

Mellorase a seguridade en 21 treitos de concentración de accidentes



■ REDACCIÓN

A Seguridade Viaria ve-rase fortemente mellorada nos vindeiros anos grazas aos próximos investimentos comprometidos. Concretamente a Xunta aportará máis de 23,5 millóns de euros para reforzar a Seguridade Viaria en 130 treitos ao longo de máis de cincocentos quilómetros de estradas autonómicas.

O Consello da Xunta deu luz verde á Estratexia de actuación en Treitos de Concentración de Accidentes e Treitos de Alto Potencial de Mellora en vías autonómicas para o período 2024-2027.

Estas intervencións serán cofinanciadas nun sesenta por cento con Fondos Feder, para o que a Xunta xa dispón dunha destas liñas de financiamento asignada.

O Goberno galego está a traballar para poder comezar este ano a execución de actuacións consideradas menores e avanzar na contratación da redacción dos proxectos que requiren dunha tramitación máis longa, de modo que se desenvolvan as obras nesta lexislatura.

O obxectivo é continuar incrementando a

seguridade viaria nas estradas autonómicas, unha prioridade para a Xunta. Este propósito vai na liña do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2022-2025, que establece como principio a "Visión 0", é dicir, buscar un horizonte no que non haxa vítimas de accidentes de tráfico a longo prazo.

Eliminación de treitos de Concentración de Accidentes

No marco da Estratexia autorizada, o Goberno galego prevé destinar un investimento de preto de 6,5 millóns de euros a actuacións de mellora da seguridade en 21 treitos de concentración de accidentes que se estenden ao longo de 33,7 quilómetros de estradas.

Unha vez identificados os Treitos de Concentración de Accidentes da rede autonómica de estradas, que son os intervalos nos que se producen máis sinistros, deséñanse actuacións eficaces para reducir as vítimas de accidentes. Así, por exemplo, nestes tramos acométese reformas de interseccións, calmados de tráfico ou melloras de pasos de peóns, entre outras accións.

Estas intervencións daránlle continuidade ás executadas na primeira Estratexia, que entre os anos 2016 e 2020 permitiu reducir a sinistralidade nun sesenta por cento nos treitos nos que se actuou.

“O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2022-2025 busca un horizonte sen vítimas de accidentes a longo prazo

Cómpre lembrar que na primeira Estratexia de eliminación de tramos de concentración de accidentes se interveu en 52 "puntos negros", mobilizando un investimento de 14,4 millóns de euros. Concretamente, reformáronse 119 interseccións viarias, construíronse 24 novas rotondas e melloráronse 138 pasos de peóns.

Estradas que perdoan

Por outra banda, para o período 2024-2027 tamén se programan obras en 109

treitos de alto potencial de mellora que se desenvolven ao longo de 480,41 quilómetros de vías autonómicas, para o que se dirixirá un orzamento de máis de 17,2 millóns de euros.

Trátase da eliminación de obstáculos nas vías autonómicas coa finalidade de conseguir "estradas que perdoen" os erros que poidan cometer os condutores e dar unha segunda oportunidade de volver á calzada.

As obras previstas para acadar este obxectivo engloban melloras do firme, optimización da sinalización e o balizamento, mellora dos sistemas de contención, reforzo da iluminación en pasos de peóns, mellora do trazado e interseccións ou acondicionamento de marxes.

Todos estes investimentos, que levan aparelladas unha serie de actuacións en distintos ámbitos, de seguro que conseguiran baixar as cifras de sinistralidade das estradas autonómicas de Galicia. Mais debemos ser conscientes que todos somos responsables e necesarios para que os datos de sinistralidade baixen significativamente.

Lancia ficha a Miki Biasion

Lancia anunciou que Miki Biasion apoiará o desenvolvemento do Ypsilon HF e o Ypsilon Rally 4 HF.

"Hoxe, Lancia está a dar outro paso adiante na súa viaxe cara ao Renacemento. A finais de maio, presentamos dúas grandes novidades, que se lanzarán oficialmente en 2025: o Novo Ypsilon HF, a versión de altas prestacións do primeiro coche da nova era; e o Ypsilon Rally 4 HF, o modelo que marcará o regreso oficial de Lancia

aos ralis. O "voceiro" natural deste dobre regreso só podía ser Miki Biasion, o piloto italiano máis exitoso de todos os tempos, que contribuíu a facer de Lancia unha marca gañadora. Os seus moitos anos de experiencia co equipo Lancia Corse serán fundamentais para o desenvolvemento de ámbolos coches. O comezo dun novo capítulo na historia do renacemento da marca, caracterizado pola ambición e a humildade, totalmente en



liña co ADN da marca", declarou o CEO de Lancia, Luca Napolitano.

En 2025, Lancia lanzará o novo Ypsilon HF, a versión de alto rendemento do

primeiro automóbil da nova era, impulsado por un motor 100% eléctrico de 240cv. O vindeiro ano, Lancia tamén fará o seu regreso oficial aos ralis co Ypsilon Rally 4 HF.

Nico Pino remata o seu test co DS E-Tense FE21

No marco do Programa de Mozos Pilotos lanzado por Stellantis Motorsport, Nico Pino uniuse aos equipos da división de competición de DS Automobiles para realizar unhas probas de Fórmula E.

O programa de test do chileno iniciouse cunha serie de probas no Fórmula E DS E-Tense FE21 Xeración 2, disputadas no circuíto de Mallorca a principios deste mes.

Piloto moi polivalente e experimentado a pesar da súa curta idade (19 anos),

Nico protagonizou unha boa actuación neste circuíto adaptado á Fórmula E. Pino completará un novo

programa de probas co DS E-Tense FE21 a partir de setembro antes de poñerse ao volante do actual DS E-Tense

FE23 Xeración 3, que pilotan Jean-Eric Vergne e Stoffel Vandoorne con DS Penske, na 10ª tempada da Fórmula E.



Atelier Alpine 2024

Alpine amplía a oferta do seu programa Atelier con novas cores exteriores combinados con harmonías interiores para o A110 S e A110 RTurini.

Lanzado en 2021, o programa de personalización Atelier Alpine ofrecía aos clientes a oportunidade de configurar o seu A110 ao seu gusto a través dunha selección de cores inspiradas no ADN da marca, unha variada gama de lamiás, pinzas de freo e tres decoracións. Agora, a oferta amplíase para ofrecer novas posibilidades de personalización. Os deseñadores de Alpine crearon novas combinacións de cores exteriores e interiores. A paleta de cores amplíase con

4 novas cores incluíndo 3 mates (azul escuro, verde acedo e negro) e un vermello brillante. As coleccións tamén estarán dispoñibles en Azul Racing Mate e Gris

Tonnerre Mate. No habitáculo, novas harmonías tamén fan a súa aparición con acabados Alcántara en diferentes cores (gris, vermello, azul e laranxa). Estas cores

aprécianse nas costuras do volante, o cadro de mandos, as portas, a consola central, as alfombras, o logo no volante, os asentos e, no A110 RTurini, a cinta da porta.



Grupo Breogán incorporou a Iván Raña ao seu equipo

O pasado mes nas instalacións de Breogán Motor na Coruña, o presidente do Grupo Breogán, José Ramón Ferreiro, e o xerente de Breogán Motor, Jesús Somorrostro, recibiron a Iván Raña para darlle a benvida á familia Breogán e as chaves do GR Yaris RZ.

O destacado atleta galego, coñecido pola súa exitosa carreira no triatlón, decidiu dar un xiro a súa traxectoria deportiva e estrearse no mundo do rali participando na Toyota Gazoo Racing Iberian Cup 2024, a copa monomarca organizada

por Toyota España, Toyota Caetano Portugal e Motor & Sport Institute (MSI) co equipo GR Breogán Rally.

Iván, acompañado por Gloria Alonso como copiloto, únense ao equipo onde o piloto José Lamela e o seu copiloto Unai Conde, xa compiten dende o inicio da tempada co outro GR Yaris RZ.

Raña contará cos patrocinadores que sempre depositaron a confianza neste equipo: Cafés Candelas, Stark, Turini, Xacobeo e Seguros Toyota.



Preparándose para o Dakar 2025

O equipo The Dacia Sandriders completou a súa fase inicial de probas como parte da súa preparación para o Dakar, o máximo desafío do automobilismo que o equipo afrontará por primeira vez en xaneiro de 2025.

Despois dunha verificación de sistemas en «Millbrook Proving Ground» no Reino Unido, o equipo The Dacia Sandriders pasou catro días na base de probas de Sweet Lamb en Gales para unha primeira xornada de test en condicións reais. A continuación, o equipo viaxou ata Château de Lastours, Francia, para outros catro días de intensas probas, onde as tres tripulacións tiveron a oportunidade de probar Sandrider, equipado con pneumáticos

BF Goodrich, nos terreos rochosos e esixentes desta paraxe gala.

Cristina Gutiérrez púxose ao volante do Sandrider durante dous días de test en Gales antes de que o nove veces campión do mundial de ralis Sébastien Loeb continuase coa fase de probas

e desenvolvemento. Nasser Ao-Attiyah, múltiple gañador do Dakar, puido facerse unha idea da potencia do Sandrider na base de Château de Lastours durante dous días. Sébastien volveu a bordo durante un día, mentres que Cristina pechou a sesión.

Tiphane Isnard, directora do equipo The Dacia Sandriders, confirmou que a fase de probas inicial superara as expectativas e as tres tripulacións e o equipo técnico atoparon moi poucos problemas.





LBX

HAZ TU MUNDO EXTRAORDINARIO

NUEVO LEXUS LBX POR 250 €/MES

48 cuotas. Entrada: 6.469,20 €. Última Cuota: 21.461,65 €.
TIN: 7,95 %. *TAE: 9,24 %.

LEXUS GALICIA-BREOGÁN AUTOLUX S.L.

Avda. das Mariñas, 288 - Perillo - Oleiros (A Coruña) - Tel. 981160 444
Ctra. de Camposancos, 141. Nave 3 - Vigo - Tel. 986 203 320
Ctra. de la Coruña, Km. 36/38 - Lugo - Tel. 982 264 246
www.Lexusauto.es/a-coruna

Lexus LBX ELEGANT MY24: Emisiones CO₂ (g/km): 103. Consumo medio (l/100 km): 4,5.



*Lexus LBX ELEGANT MY24. Precio por financiar: 31.500 € con Lexus Privilege. PVP al contado: 34.300 €. Entrada: 6.469,20 €. TIN: 7,95 %. TAE: 9,24 %. 49 meses: 48 cuotas de 250 €/mes y última cuota: 21.461,65 €. Comisión de apertura financiada (2,99 %): 748,42 €. Precio Total a Plazos: 39.930,85 €. Importe Total de Crédito: 25.779,22 €. Importe Total Adeudado: 33.461,65 €. Coste Total de Crédito: 8.430,85 €. Importe de Intereses: 7.682,43 €. Sistema de Amortización Francés. Oferta conjunta de Lexus España y Toyota Kreditbank GmbH sucursal en España con el producto Lexus Privilege. Capital mínimo a financiar 20.000 €. El producto Lexus Privilege le permitirá, al finalizar el plazo, cambiar su LBX ELEGANT MY24 por un nuevo Lexus, devolverlo sin gastos adicionales o quedárselo pagando o refinanciando la última cuota siempre que se cumplan las condiciones establecidas en el contrato. Oferta válida en Península y Baleares. IVA, transporte, impuesto de matriculación y campaña promocional incluidos. Hasta 15 años o 250.000 km de Garantía con Lexus Relax. Consulte términos y condiciones en www.lexusauto.es. Otros gastos de matriculación, pintura metalizada y equipamiento opcional no incluidos. Oferta válida hasta el 30/06/2024. Promoción no acumulable a otras ofertas o descuentos. Modelo visualizado puede no corresponder con el modelo ofertado. Para más información, o si está interesado en los valores de un vehículo con distinto acabado, por favor contacte con la División de LEXUS de Toyota España S.L.U. o su Concesionario LEXUS.